

# ASEIA

Asociación para a Saúde Emocional  
na Infancia e Adolescencia

Nace motivada pola crecente preocupación dun grupo de profesionais ante a complexa realidade da infancia e adolescencia no momento actual. Esta asociación está conformada por un equipo de traballo interdisciplinar procedente de distintas ramas do coñecemento tales como a Psicoloxía, a Pedagogía, a Educación Social ou o Traballo social, que conta cunha ampla experiencia neste ámbito.



633 253 023



[www.aseiagalicia.org](http://www.aseiagalicia.org)



[aseia.convive@gmail.com](mailto:aseia.convive@gmail.com)



ASEIA

# PROGRAMA CONVIVE

PROGRAMA PARA A  
PREVENCIÓN DE PROBLEMAS DE  
CONVIVENCIA EN FAMILIAS CON  
FILLOS/AS ADOLESCENTES.



# ASEIA

Asociación para a Saúde Emocional  
na Infancia e Adolescencia



Unidade Mixta de Saúde  
Dirección de Atención Primaria, Promoción e Prevención,  
Hospital Insular de Galicia, Centro de Saúde  
Núcleo de Saúde Psicolóxica  
Hospital de Galicia, do Grupo Hospitalario  
[www.aseiagalicia.org](http://www.aseiagalicia.org)



### Que é o convive?:

A familia non é simplemente a suma de características individuais, senón a constitución dun sistema de relacións específicas entre os seus membros. Se falamos de familias con fillos e fillas en idade adolescente aparecen as dúbidas, as inxedanzas ante os cambios que se achegan. Educar é cada día máis difícil, vivimos nunha sociedade na que se non se verbalizan os conflitos e dificultades, pensamos que non existen. E neste marco chegan as relacións familiares durante a adolescencia, etapa na que se cambiarán os patróns de relación, polo que poderán aparecer desequilibrios na estrutura familiar e unha maior conflictividade.

Dende **ASEIA**, queremos traballar na **prevención daquelas problemáticas que se poden dar ao interior das familias con fillos e fillas adolescentes**, para o cal presentamos o **Programa CONVIVE**, no que se **traballa na prevención da aparición ou desenvolvemento de dinámicas familiares disfuncionais**, creando un espazo para o encontro e a posta en común, tanto para nais, pais e/ou titores legais, como para os seus fillos/as adolescentes.

### Este programa está dirixido a:

Pais/nais ou titores legais con fillos/as de entre 12 a 16 anos que precisan dunha guía profesional respecto ó seu sistema relacional e convivencial, e aos/ás adolescentes propios derivados de cada unidade familiar.

### Obxectivos de traballo:

- Coñecer as dinámicas familiares, de cara á prevención de posibles dificultades na convivencia, da aparición de relacións conflictivas entre os membros, así como previr a posibilidade de aparición de violencia filio-parental ascendente.
- Dotar de ferramentas comunicativas e habilidades de relación para unha mellor xestión emocional a adultos e adolescentes.
- Entender a necesidade da presenza educativa parental, tanto física como psicolóxica na vida do/a fillo/a.
- Favorecer nos/as adolescentes a comprensión dun momento vital diferente, de construción da identidade, e dotalos de valores e actitudes para a súa incorporación ao mundo adulto.
- Favorecer nos pais/ nais/titores legais a comprensión do cambio de ciclo vital dos seus fillos/as, e da importancia de referentes adultos válidos.
- Desenvolver capacidades persoais, en todos os membros da familiar, para unha xestión dos conflitos saudables.

### Equipo humano:

O Convive conta con persoal formado en diferentes ámbitos profesionais, como a Psicoloxía, a Educación Social e o Traballo Social. Especializados/as no traballo con adolescentes e as súas familias.